



Estado da Sociedade da Información en Galicia

Informe preliminar – marzo de 2011

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Presidencia - Xunta de Galicia

Fundación para o Fomento da Calidade industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2011

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain Attribution/Non Comercial.
Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

Estado da Sociedade da Información de Galicia

Informe preliminar – marzo de 2011

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

Xunta de Galicia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica
Fundación para o Fomento da Calidade industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Santiago de Compostela

2011

Índice

Introdución	7
1. Contexto socio-económico	9
2. Cidadanía	11
2.1 Equipamento TIC dos fogares galegos	12
2.2 Uso das TIC	15
2.3 A fenda dixital: hábitat, idade, sexo e nivel de estudos	16
3. As Empresas e a Sociedade da Información	21
3.1 Empresas de 10 e máis empregados/as	22
3.2 Microempresas	26
4. O Sector Empresarial das TIC	29
4.1 Caracterización do sector TIC	30
4.2 Sector Contidos e Medios da Información	35
5. eGoberno	39
5.1. e-Administración: Interacción da cidadanía e empresas coas AAPP a través de Internet	40
5.2. e-Administración na Xunta de Galicia	44
5.3. e-Educación	47
5.4. e-Sanidade	49
5.5. e-Xustiza	50
6. Infraestruturas de telecomunicación	51
7. Análise DAFO	55

Introdución

O presente informe de situación analiza a información básica sobre o estado da Sociedade da Información en Galicia, proporcionando os últimos datos sobre a situación actual da materia en Galicia, cuantificando o seu grao de avance e caracterizando o seu posicionamento respecto do seu contorno.

Este documento de traballo foi elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, a fin de proporcionar os elementos de análise para a celebración da 2ª reunión do Pleno do Observatorio -2 de marzo de 2011-.

As observacións postas en marcha actualmente polo OSIMGA nos diferentes ámbitos de observación (poboación xeral, empresas, sector TIC, Xunta, Concellos...) permitirán proximamente obter unha información máis detallada e datos actualizados para a elaboración de diagnósticos específicos en cada un dos distintos ámbitos de observación e para a actualización do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

Estas novas enquisas do OSIMGA actualizarán e complementarán os datos facilitados polo IGE e as enquisas realizadas polo INE que se inclúen neste informe. O período de referencia dos datos procedentes das enquisas realizadas polo INE no ámbito das empresas é xaneiro de 2010, agás nas variables referidas a comercio electrónico que van referidas á totalidade do ano 2009; mentres que o traballo de campo nas enquisas realizadas polo INE no ámbito da cidadanía levouse a cabo no período comprendido entre xaneiro e maio de 2010.

Para analizar o estado actual da Sociedade da Información en Galicia, este informe aborda no primeiro capítulo aquela información relevante do contexto socio-económico, así como os factores estruturais que poden condicionar o grao de avance dos indicadores específicos.

O segundo capítulo proporciona información sobre o equipamento TIC dos fogares galegos e o seu uso por parte da Cidadanía e analiza a fenda dixital segundo o hábitat, a idade, o sexo e o nivel de estudos.

O terceiro capítulo ofrece información estratéxica sobre a situación actual do tecido empresarial galego desde a perspectiva do equipamento e utilización das TIC, implantación de ferramentas informática de xestión, comercio electrónico,... A análise do sector empresarial realízase a través dun estudo diferenciado para as empresas de 10 e máis traballadores/as e as microempresas galegas.

O seguinte capítulo presenta un estudo específico do sector empresarial das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

O quinto capítulo aborda os principais indicadores relativos ao eGoberno, analizando a interacción da cidadanía e as empresas coas Administracións Públicas e o grao de modernización administración da Xunta de Galicia.

As infraestruturas de telecomunicacións son obxecto da análise do sexto capítulo, mostrando os avances da extensión do acceso á banda larga en Galicia

Finalmente preséntase unha análise DAFO da Sociedade da Información en Galicia.

Figura 1: Ámbitos de observación do Informe Estado da Sociedade da Información en Galicia



1. Contexto socio-económico

A análise da Sociedade da Información en Galicia debe comezar tomando en consideración os elementos relevantes do contexto socio-económico galego e das dinámicas estruturais que afectan a Galicia.

No seu labor de observación, o OSIMGA vén sinalando a importancia do singular perfil demográfico e económico que presenta Galicia coma un dos factores condicionantes da fenda dixital. O envellecemento e a dispersión poboacional, configuran unha notable desigualdade territorial do eixo atlántico con respecto ao resto de Galicia. A menor renda familiar galega respecto ao conxunto do Estado, así como a excesiva atomización empresarial son algúns dos factores que inflúen negativamente sobre o grao de uso dos servizos da Sociedade da Información, incidindo na persistencia da fenda dixital e impedindo acadar un escenario de converxencia.

Este capítulo recompila os datos de contexto e os factores que condicionan a situación e o grao de avance da Sociedade da Información en Galicia.


Envellecemento poboacional:

- ↘ En Galicia, o 34,5% da poboación ten máis de 55 anos. No conxunto do Estado, esta porcentaxe sitúase no 27,7%

Nivel de renda

- ↘ O PIB per cápita en Galicia atópase por baixo da media estatal, cun valor relativo estimado do 87,4% no ano 2009.

Gráfico 1: Poboación de Galicia segundo xénero e grupos de idade




Fonte: Atlas comarcal. IGE. Ano 2009

Dispersión poboacional:

- ↘ Concentración da poboación no eixo atlántico Ferrol A Coruña - Vigo
- ↘ Forte dispersión da poboación fóra dos núcleos máis densos:
As 7 grandes cidades de Galicia só concentran o 35,7% da poboación .
En Galicia existen 30.567 núcleos de poboación con menos de 1.000 habitantes, dos cales 20.480 son diseminados.
- ↘ Os concellos das provincias de Lugo e Ourense son de carácter máis rural, con menor poboación e con medias de idade máis elevadas.

Mapa comarcal da poboación de Galicia segundo o número de habitantes



Número de habitantes:


	< 11356
	11356 - 16992
	16992 - 26940
	26940 - 35949
	35949 - 83062
	>= 83062

Atomización empresarial:

- ↘ O 95% das empresas galegas teñen menos de 10 empregados/as

Fonte: Atlas comarcal. IGE. Ano 2009

Gráfico 2: Empresas con actividade en Galicia segundo estrato de asalariados/as




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir a partir de datos IGE. Ano 2009

2. Cidadanía

- *Un 46,5% dos fogares galegos ten contratada algunha conexión a Internet mediante banda larga, experimentando un crecemento do 21,4% con respecto ao ano 2009.*
- *Os internautas de Galicia superan aos do conxunto do Estado nos usos avanzados da Rede (descarga de software, lectura de xornais en liña...). A banca electrónica experimentou un crecemento interanual do 15% en Galicia.*
- *Os nenos/as galegos de 10 a 15 anos toman vantaxe sobre os do resto do Estado no uso de ordenador e telefonía móbil.*
- *A fenda dixital segundo o xénero en Galicia é inferior á estatal e europea. A diferenza no uso de Internet entre homes e mulleres en Galicia diminuíu en 3 puntos respecto ao ano 2009.*

Este capítulo presenta os principais indicadores que ilustran a situación e evolución do equipamento e uso das TIC na poboación de Galicia así coma unha análise da fenda dixital segundo o hábitat, sexo, idade e nivel de estudos:




A “Enquisa sobre a Sociedade da Información na poboación de Galicia. Ano 2010”, que está actualmente en curso, permitirá completar e actualizar os datos deste capítulo.

2.1 Equipamento TIC dos fogares galegos

Segundo os datos que ofrece o INE para o ano 2010, o 61,6% dos fogares galegos dispón dalgún ordenador, o que supón un incremento do 5,3% con respecto aos datos do ano anterior. A media estatal (68,7%) rexistrou un incremento (3,6%) inferior á media galega. Por tipo de ordenador, o de sobremesa ou PC está presente no 42,7% dos fogares, mentres que os portátiles atópanse no 39,6%. No último ano obsérvase nos fogares galegos un retroceso no nivel de equipamento de PCs e un crecemento do 25,3% no de portátiles, obedecendo a unha tendencia xeral do mercado.

Gráfico 3: Fogares que dispoñen de ordenador persoal. Anos 2007 -2010



Base: total de fogares


Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (Galicia e Estado). Datos Eurostat (UE27)

A conexión a Internet está presente no 48,9% dos fogares galegos fronte ao 59,1% que rexistra o conxunto do Estado. A conexión á Rede en Galicia experimentou un incremento do 15,6% con respecto a 2009 mentres que o crecemento deste indicador para o conxunto do Estado foi dun 9,4%.

Cabe destacar a importante evolución experimentada pola tecnoloxía de banda larga nos fogares galegos: un 46,5% do conxunto da poboación conéctase a Internet mediante banda larga (un 21,4% máis ca no ano 2009) mentres que no conxunto do Estado o incremento foi apenas dun 11,9%.

Aínda que o ritmo de crecemento da conexión de banda larga é superior en Galicia, a nosa Comunidade segue 10,9 puntos porcentuais por baixo da media estatal (57,4%).

Gráfico 4: Fogares que dispoñen de conexión a Internet contratada a través de banda larga.
Anos 2007 – 2010



Base: Total de fogares


Fonte: Datos Galicia: OSIMGA (anos 2007 e 2008); INE (anos 2009 e 2010). Datos España: INE. Datos UE27: Eurostat

As principais formas de conexión a Internet a través de banda larga en Galicia son o ADSL (55,6% dos fogares con conexión a Internet) e o cable (31,9% dos fogares con conexión a Internet). No caso da modalidade de cable, Galicia conta cunha vantaxe de 14,5 puntos porcentuais con respecto á media estatal. Cabe salientar que entre as vivendas que dispoñen de acceso a Internet en Galicia, un 22,9% accede mediante conexión móbil de banda larga, 11,2 puntos máis que a media estatal.

Entre os principais motivos aducidos para non dispoñer de Internet na vivenda destaca a falta de interese ou utilidade (58,2%), e os escasos coñecementos para utilizar a Rede (34,8%) nunha proporción semellante á media estatal. Nesta análise debe terse en conta que un 23,7% das vivendas galegas con algún tipo de ordenador aínda non dispoñen da posibilidade de acceder a Internet fronte ao 14,9% da media do Estado.

O principal motivo aducido para non dispoñer de Internet na vivenda na Unión Europea tamén é a falta de interese ou utilidade (40%) pero esta causa sitúase 18,2 puntos porcentuais por baixo da media galega.

Gráfico 5: Principais motivos polos que non dispoñen de acceso a Internet no fogar. Ano 2010



Base: Fogares que non dispoñen de acceso a Internet

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

O equipamento tecnolóxico en sentido amplo está cada vez máis presente na sociedade galega, especialmente o relacionado coas actividades de lecer. O teléfono móbil xa está amplamente xeneralizado, superando ao teléfono fixo en máis de 13 puntos. O DVD está presente no 68,5% dos fogares e o MP3 no 43,5%.

Táboa 1: Equipamento tecnolóxico. Ano 2010

Equipamento	Galicia	España
Teléfono fixo	78,5%	80,3%
Teléfono móbil	91,6%	94,6%
DVD	68,5%	78,4%
MP3	43,5%	47,6%
Axenda electrónica	4,5%	6%



Base: Total de fogares

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010


2.2 Uso das TIC

O 57,8% dos galegos e galegas utilizaron o ordenador nos últimos tres meses, un 6,4% máis que no ano 2009. A media estatal sitúase no 67,4%, 9,6 puntos por riba do valor do indicador para Galicia e a media europea supera en 13,2 puntos porcentuais á media galega.

Un 53,6% da poboación galega empregou Internet nos tres últimos meses, cun incremento do 7,6%, con respecto ao ano anterior. Este crecemento é lixeiramente superior ao experimentado pola media estatal (7,4%). Non obstante, a media estatal (64,2%) supera en 10,6 puntos porcentuais á media galega e a media europea en 15,4 puntos.

Cabe sinalar que tamén se está a producir un paulatino incremento das compras a través de Internet. Un 14,4% da poboación galega adquiriu algún produto ou servizo nos últimos tres meses, un 5,1% máis que no ano 2009. A media estatal está só 3 puntos por riba da media galega pero resulta moi significativa a diferenza coa media europea.

Gráfico 6: Uso das TIC. Ano 2010



Base: Total de persoas


Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE e Eurostat. Ano 2010

A utilización dos servizos de comunicación avanzada por Internet, por parte dos internautas de Galicia, presentan niveis moi similares aos dos internautas do resto de España, superando a media en varios indicadores. Aínda que o correo electrónico (81,9%) e a procura de información sobre bens e servizos (86,2%) seguen a ser as aplicacións máis populares nos fogares galegos, nos últimos anos están a consolidarse outros moitos servizos: lectura e descarga de xornais ou revistas en liña (70,4%, 8,4 puntos por riba da media estatal), viaxes e aloxamento (61,6%) ou descarga de software (36,2%).

Os temas relacionados coa educación e a saúde encabezan as procuras de información na Rede. Un 55,6% dos internautas galegos procura información sobre educación ou formación a través de Internet, e un 57,1% realiza buscas relacionadas coa saúde superando á media estatal en 4,6 puntos porcentuais.

A banca electrónica é empregada por un 38,4% dos internautas galegos. No último ano, a banca electrónica experimentou un crecemento do 15% en Galicia.

Gráfico 7: Servizos de comunicación, procura de información e servizos en liña. Galicia. Ano 2010



Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

2.3 A fenda dixital: hábitat, idade, sexo e nivel de estudos

O hábitat poboacional é en xeral un dos factores que determinan claramente a fenda dixital existente en Galicia. Nos núcleos urbanos acádase a converxencia co noso contorno mentres que se manteñen as diferencias no rural. Así, concretamente para a conexión a Internet, a porcentaxe de galegos con conexión á Rede nos núcleos de poboación de 50.000 a 100.000 habitantes é do 65,7%, 4,1 puntos máis que o conxunto do Estado. Nos núcleos de menos de 10.000 habitantes este indicador sitúase no 33,8% en Galicia fronte aos 47,3% de España, medrando un 18,6% respecto ao ano 2009.

Táboa 2: Vivendas con Internet contratada segundo o hábitat. Ano 2010

Concellos	Galicia	Media estatal	Diferenza Galicia-España
Máis de 100.000 hab. e capitais de prov.	58,2%	64,2%	- 6
De 50.000 a 100.000 habitantes	65,7%	61,6%	4,1
De 20.000 a 50.000 habitantes	53,2%	60,6%	-7,4
De 10.000 a 20.000 habitantes	48,4%	58,6%	-10,2
Menos de 10.000 habitantes	33,8%	47,3%	-13,5



Diferenza entre hábitat urbano e rural en Galicia
24,4 puntos porcentuais




Base: Total de fogares

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

Os datos tamén mostran que Galicia está a adiantar ao conxunto do Estado no grupo de idade de 10 a 15 anos en uso de ordenador e telefonía móbil nos tres últimos meses. A proporción de nenos/as que usaron o ordenador nos últimos tres meses na nosa Comunidade é do 95,3% e do 94,6% para o Estado. Para o uso de telefonía móbil nos tres últimos meses, a porcentaxe é dun 67,8%, fronte ao 66,7% do conxunto do Estado.

A proporción de uso das tecnoloxías da información no tramo de idade de 10 a 24 anos é, en xeral, alta, rexistrando valores próximos aos do conxunto do Estado. As diferenzas acentúanse considerablemente no tramo de idade comprendido entre os 45 e os 54 anos.

Gráfico 8: Uso de Internet segundo a idade




Base: Total de persoas

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

A análise do perfil socio-demográfico do equipamento e uso das tecnoloxías da información e da comunicación nos fogares galegos mostra que o xénero e o nivel de estudo son dúas das variables que modulan o comportamento e as pautas de uso da poboación galega en relación ás TIC.

A fenda dixital de xénero móstrase claramente na análise dos datos de uso de Internet: O 55,7% dos homes fixeron uso da Rede fronte ao 51,5% das mulleres galegas, observándose unha diferenza de 4,2 puntos porcentuais. Non obstante, a tendencia é positiva: a porcentaxe de mulleres galegas que utilizan Internet aumentou 5,3 puntos porcentuais no período 2009 – 2010, permitindo reducir a diferenza no uso de Internet entre homes e mulleres en 3 puntos respecto ao ano 2009. No contexto estatal, a diferenza entre o uso de Internet entre homes e mulleres é maior: 5,7 puntos.

Gráfico 9: Uso de Internet en Galicia segundo o sexo. Ano 2010




Base: Total de persoas

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE Ano 2010

Na Unión Europea (UE27), segundo os datos recompilados por Eurostat, a fenda de xénero na utilización de Internet chega aos 6 puntos, se ben existe unha grande disparidade na súa distribución entre os distintos Estados Membros. Deste xeito, mentres que Irlanda e Estonia xa salvaron esta situación de desigualdade e a porcentaxe de mulleres que utilizan Internet supera á correspondente porcentaxe de homes, noutros Estados membros como Portugal (10 puntos) e Austria (9 puntos) dáse un importante diferencial neste indicador entre homes e mulleres.

Se analizamos os datos de uso de Internet segundo o nivel de estudos, obsérvase que a fenda dixital entre España e Galicia acentúase especialmente entre as persoas que só contan con estudos primarios (9,9 puntos) ou con só a 1ª etapa de educación secundaria (17,1 puntos). No resto de estratos, a diferenza se sitúa por baixo dos 3,1 puntos.

Gráfico 10: Uso de Internet en Galicia segundo o nivel de estudos. Ano 2010




Base: Total de persoas

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE Ano 2010

3. As Empresas e a Sociedade da Información

- O 98,4% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet utiliza banda larga.
- Un 22,8% das empresas galegas que realizan intercambio automatizado de datos envían facturas electrónicas, experimentando un incremento do 18,8% no período 2009-2010.
- Un 18,5% das empresas galegas proporcionaron no último ano actividades formativas sobre as TIC, experimentando un crecemento interanual do 51,6%.
- Un 47,3% das microempresas galegas dispón de conexión a Internet, 10,8 puntos porcentuais menos que a media estatal.

Este capítulo presenta os principais indicadores de avance da penetración e uso das TIC nas empresas galegas. A fenda dixital existente entre as empresas de 10 e máis empregados/as e as microempresas galegas motiva a realización dunha análise diferenciada nestes dous segmentos empresariais.



Os datos deste capítulo serán completados cos resultados procedentes da “Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas de 10 e máis empregados/as de Galicia. Ano 2010”, e a “Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas de menos de 10 empregados/as de Galicia. Ano 2010”, que están actualmente en curso.

3.1 Empresas de 10 e máis empregados/as


A práctica totalidade das empresas de 10 ou máis asalariados/as de Galicia dispoñen de ordenador (98%), porcentaxe similar ao 98,6% que rexistra a media estatal. Un 94,9% das empresas galegas deste segmento dispoñen de conexión a Internet, experimentando un crecemento interanual do 2,2%, aínda que situándose 2,3 puntos porcentuais por baixo da media estatal.

O 93,4% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as acceden a Internet mediante algunha solución de banda larga, porcentaxe próxima á media estatal (95,9%). Cabe salientar que un 35% destas empresas accede á Rede a través de telefonía móbil de banda larga, aproximándose á media estatal (36,7%).

Un 94,5% das empresas galegas deste segmento dispón de correo electrónico, un 82,1% teñen rede de área local (LAN) e un terzo dispón de LAN sen fíos. Galicia está próxima á media estatal nestes indicadores sobre equipamento TIC e conexións básicas de comunicacións. A diferenza sitúase en 2 puntos no caso do correo electrónico e en 3,5 puntos porcentuais en dispoñibilidade de LAN.

Os valores que acadan estes indicadores na Unión Europea tamén son moi elevados no caso do ordenador (96%), conexión a Internet (94%) e banda larga (86%). Cabe salientar que nestes indicadores a media galega sitúase lixeiramente por riba da media europea. A porcentaxe de empresas europeas deste segmento empresarial que dispoñen de rede de área local (LAN) é do 76%, 6 puntos por baixo da media galega, e a porcentaxe das empresas que contan con LAN sen fíos é do 36%.

Gráfico 11: Equipamento TIC nas empresas de 10 e máis empregados/as. Ano 2010



Base: total de empresas de 10 e máis empregados/as.


Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE.

Un 58,9% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet dispón de sitio/páxina web, un 6,9% máis ca no ano 2009. Este valor sitúase no 55,9% se consideramos esta porcentaxe sobre o total das empresas deste segmento. As principais utilidades da páxina web son a presentación da empresa (85,2% das empresas galegas con web) e o acceso a catálogos e listas de prezos (52,7%). A diferenza coa media estatal no indicador relativo á páxina web é de 5 puntos e coa media europea é aínda máis elevada (10,1 puntos porcentuais)

Un 47,5% das empresas galegas deste segmento con conexión a Internet emprega a sinatura dixital. Das empresas galegas que fan uso da mesma, o 92,4% emprégana para relacionarse coas AAPP e un 20,7% para relacionarse con provedores e clientes.

Cabe salientar o incremento experimentado pola recepción de facturas electrónicas que se sitúa xa no 58,8% das empresas de 10 e máis empregados que realizan intercambio automatizado de datos, superando a media estatal en 7,6 puntos porcentuais. Un 22,8% das empresas galegas que realizan intercambio automatizado de datos envían facturas electrónicas, experimentando un crecemento interanual do 18,8%, superior ao crecemento estatal (8,7%), pero aínda a 2,3 puntos da media estatal.

Gráfico 12: Web e sistemas TIC para a relación con clientes e provedores nas empresas de 10 e máis empregados/as. Ano 2010



Base: total de empresas de 10 e máis empregados/as.

(1) Base do indicador relativo á páxina web e á sinatura dixital: empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet

(2) Base do indicador relativo á recepción e ao envío de facturas electrónicas: empresas de 10 e máis empregados/as que realizan intercambio automatizado de datos

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE.

En canto á implantación doutros sistemas de negocio electrónico, un 18,9% das empresas dispón de ferramentas informáticas para a planificación de recursos empresariais (ERP). Un 22,3% destas empresas conta con aplicacións para a xestión de información dos clientes (CRM), un 4,7% máis que o ano anterior pero 6,3 puntos porcentuais por baixo da media estatal.

Táboa 3: Implantación de sistemas de negocio electrónico

		<i>Galicia</i>	<i>Media estatal</i>
	Xestión de stocks	27,1%	28,1%
	Contabilidade	28,6%	34,6%
	Xestión de Produción	26,4%	31,5%
	Xestión de Distribución	26,6%	27,7%
	ERP para compartir información sobre compras e vendas	18,9%	22,5%
	CRM para xestionar información de clientes	22,3%	28,6%

Base: Total de empresas de 10 e máis empregados/as

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

Os datos mostran que Galicia segue a adiantar ao resto do Estado na adopción de software libre. Un 11% das empresas galegas de 10 e máis asalariados/as emprega o sistema operativo LINUX, fronte ao 9,5% da media estatal. Este indicador experimentou un crecemento interanual en Galicia do 8,9% mentres que o incremento do conxunto do Estado foi do 6,7%

En relación coa seguridade nas TIC, o 29,1% das empresas galegas de 10 e máis asalariados/as definen unha política propia cun plano de revisión regular fronte ao 32,7% que rexistra a media estatal. Os sistemas internos de seguridade máis empregados nas empresas galegas deste segmento son a autenticación mediante contrasinal seguro (61,5%) e o 'backup' de datos externos (34,1%).

O 23,6% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as realizaron compras a través de Internet no último ano, situándose en valores próximos á media de España (24,1%). No período 2009 – 2010, a porcentaxe de empresas galegas de 10 e máis empregados/as que realizaron compras a través de Internet medrou un 43,9%.

O 9,9% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as realizaron vendas a través de Internet, fronte ao 13,1% que rexistra o conxunto do Estado.

Gráfico 13: Compras a través de Internet






Gráfico 14: Ventas a través de Internet



Base: total de empresas de 10 e máis empregados/as.

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes da enquisa de uso TIC e comercio electrónico do INE. Ano 2009 e 2010



Galicia

Peso das compras a través de Internet: 19,9%
(sobre o total de compras)

Peso das vendas a través de Internet: 6,1%
(sobre o total de vendas)

Base: total de empresas de 10 e máis empregados/as.

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes da enquisa de uso TIC e comercio electrónico do INE. Ano 2010

A presenza de persoal con formación en Tecnoloxías da Información e da Comunicación resulta xa indispensable no desenvolvemento de calquera actividade laboral. Un 21,5% das empresas galegas de 10 e máis asalariados/as emprega persoal con funcións TIC específicas fronte ao 27,3% da media estatal.


No apartado de formación cabe subliñar que un 18,5% das empresas galegas afirman ter proporcionado actividades formativas sobre as TIC, experimentando un crecemento interanual do 51,6%, superior ao crecemento estatal (40,3%). A porcentaxe de persoal destas empresas que recibiu formación en TIC acadou o 30,8%, superando en 2,2 puntos á media estatal.

3.2 Microempresas

As microempresas presentan aínda niveis baixos de equipamento tecnolóxico e de presenza na Rede. Segundo os datos procedentes do INE, un 54,8% das microempresas galegas dispón de ordenador, 11,4 puntos por baixo da media estatal. O 47,3% das microempresas galegas dispoñen de conexión á Rede, experimentando un crecemento do 1,3% no último ano fronte ao incremento do 4% do conxunto do Estado

O 19,6% das microempresas galegas con conexión a Internet dispoñen de páxina web. No último ano, ralentizouse o ritmo de crecemento experimentado por este indicador e a diferenza coa media estatal sitúase en 5,4 puntos porcentuais. Este valor sitúase no 9,3% se consideramos esta porcentaxe sobre o total das microempresas.

Gráfico 15: Equipamento TIC nas empresas de menos de 10 empregados/as. Ano 2010




Base: total de empresas de menos de 10 empregados/as.

(1) Base do indicador relativo á dispoñibilidade de páxina web: empresas de menos de 10 empregados/as con conexión a Internet.

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

Aínda que só un 43,9% das microempresas de Galicia ten contratada conexión a Internet a través de banda larga, 10,5 puntos porcentuais por baixo da media estatal, cabe destacar o crecemento experimentado pola conexión á Rede a través de banda larga entre as microempresas galegas no período 2008-2010: En Galicia: un 28% fronte ao 11,2% da media estatal.

Gráfico 16: Evolución da banda larga nas microempresas durante os dous últimos anos



Base: total de empresas de menos de 10 empregados/as.


Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

(1) Nota: No ano 2010, o INE desagrega a conexión a banda larga en fixa e móbil. Nesta gráfica considerouse a banda larga fixa.

En Galicia, un 44,7% das microempresas empregan o correo electrónico, cun crecemento do 6,4% no último ano e a 10,7 puntos da media estatal. A porcentaxe de empresas con menos de 10 asalariados/as que dispoñen de telefonía móbil acada o 64,2%, 2,2 puntos por baixo da media estatal.

Entre as evolucións positivas das microempresas galegas, tamén podemos sinalar o incremento de 2,6 puntos porcentuais nas microempresas que realizan intercambio electrónico de datos e o incremento de 4,7 puntos porcentuais nas compras a través Internet, situando este indicador no 10,9%. As compras a través de Internet teñen un peso reducido nas micropemes galegas, representando un 4,3% sobre o total de compras efectuadas polas empresas galegas deste segmento empresarial.

Gráfico 17: Evolución da sinatura dixital, o intercambio electrónico de datos e as compras a través de Internet nas microempresas galegas . Anos 2009 e 2010



Base: total de empresas de menos de 10 empregados/as.


(1) Base do indicador relativo á dispoñibilidade de sinatura dixital: empresas de menos de 10 empregados/as con conexión a Internet.

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes da enquisa sobre o uso das TIC e comercio electrónico do INE. Ano 2010

4. O Sector Empresarial das TIC

- O número de empresas galegas do sector TIC no ano 2010 situábase en 1.767 empresas
- O nivel de emprego no sector TIC situouse no ano 2010 nos 15.851 traballadores/as, o que representa o 1,57% da poboación ocupada galega
- O número de persoas tituladas en estudos relacionados coas TIC (Enxeñarías en Informática e Telecomunicacións) nas Universidades de Galicia no curso 2008- 2009 ascende a 687, o que representa o 7,2% sobre o total das persoas tituladas no Sistema Universitario Galego

O obxectivo deste capítulo é analizar o sector empresarial das Tecnoloxías da Información e as Comunicazóns, presentando os principais datos sobre o número de empresas, o emprego neste sector así como a capacitación dos xóvenes en estudos relacionados coas TIC nas Universidades Galegas. Ademais, ofrécense as principais magnitudes sobre o sector Contidos e Medios da Información.




A "Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia. Ano 2010", que está actualmente en curso, permitirá completar e actualizar a análise do sector TIC.

4.1 Caracterización do sector TIC

O número de empresas galegas do sector TIC¹ no ano 2010 situábase en 1.767 empresas. Estes datos sitúan a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC e confirma que este sector está a converterse nunha das áreas produtivas chaves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

Gráfico 18: Número de empresas TIC por Comunidades Autónomas. Ano 2010




Base: Total de empresas TIC

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE Ano 2010

¹ Nota metodolóxica: Considérase a seguinte definición do Sector TIC (empregada por INE, Eurostat e OCDE): Manufactureiras TIC (26.11, 26.12, 26.20, 26.30, 26.40, 26.80), Comerciais TIC (46.51, 46.52), Publicacións TIC (58.21, 58.29), Telecomunicacións (61.10, 61.20, 61.30, 61.90), Actividades informáticas portais web e procesamento de datos (62.01, 62.02, 62.03, 62.09, 63.11, 63.12) e reparación de ordenadores (95.11, 95.12).

O número de empresas do sector TIC mostra unha tendencia positiva, experimentando un crecemento do 14,6% no período 2009 – 2010. En España, o incremento neste indicador foi dun 11,5%, pasando de 41.730 empresas do sector TIC no ano 2009 a 46.511 no ano 2010.

Gráfico 19: Número de empresas TIC en Galicia. Anos 2007 – 2010



Base: Total empresas TIC

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Anos 2007-2010

Nota: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev.2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución do indicador

A distribución das empresas do sector TIC galegas segundo a actividade CNAE 2009 mostra que o maior número de empresas se concentra no subsector da “Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática”. A continuación, sitúanse as actividades relacionadas coa “Reparación de ordenadores e equipos de comunicación” e o “Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web”.

Táboa 4: Distribución das empresas do sector TIC galegas segundo a actividade CNAE 2009. Ano 2010

Actividades CNAE 2009	Número de empresas
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados	11
26.2 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos	47
26.3 Fabricación de equipos de telecomunicacións	15
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	2
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0
46.5 Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	134
58.2 Edición de programas informáticos	45
61.1 Telecomunicacións por cable	48
61.2 Telecomunicacións sen fíos	2
61.3 Telecomunicacións por satélite	13
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	53
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	743
63.1 Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web	227
95.1 Reparación de ordenadores e equipos de comunicación	427

Base: Total empresas TIC


Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

Na análise do sector TIC cabe salientar que un 52,7% das empresas de Galicia non conta con asalariados/as (932 empresas) e un 41,6% das empresas ten entre 1 e 9 asalariados/as (735 empresas).

No período 2009 – 2010, o número de empresas galegas do sector TIC aumentou en 225 empresas, producíndose este incremento en todos os tramos de asalariados/as agás no relativo ás empresas de 10 e máis asalariados/as. O crecemento máis significativo, en termos absolutos, experimentouse nas empresas do sector TIC que non contan con empregados/as (111 empresas máis).

As empresas TIC españolas presentan unha distribución semellante: un 57,8% non conta con asalariados/as (26.863 empresas) e un 34,9% das empresas ten entre 1 e 9 asalariados/as (16.248 empresas).

Gráfico 20: Empresas do sector TIC segundo o número de empregados/as. Anos 2009-2010




Base: Total empresas TIC

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Anos 2009 e 2010

O nivel de emprego no sector TIC² situouse no ano 2010 nos 15.851 traballadores/as, o que representa o 1,57% da poboación ocupada galega, porcentaxe similar á do ano anterior (1,59%). Pese ao aumento no número de empresas do sector TIC, a actual conxuntura económica condiciona que se produza un lixeiro descenso no número de persoas empregadas no sector TIC.

Gráfico 21: Emprego no sector TIC de Galicia. Anos 2007 - 2010



Base: Total empresas TIC

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Anos 2007-2010

Nota metodolóxica: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev.2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución do indicador

² Nota metodolóxica: Considérase o número de traballadores do sector TIC como a media entre o dato de afiliacións á Seguridade Social a 30 de xuño e 31 de decembro do ano de referencia.

Na seguinte táboa móstrase a distribución do emprego no sector TIC segundo o tipo de réxime da Seguridade Social.

Táboa 5: Emprego no sector TIC segundo o tipo de réxime. Anos 2009 - 2010


Ano / Réxime	Réxime xeral	Réxime especial de autónomos	Total
Ano 2009	12.390	3.937	16.327
Ano 2010	12.131	3.720	15.851



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Anos 2009-2010

Unha das principais fortalezas de Galicia é a capacitación e a especialización do capital humano. No curso 2008-2009, 687 persoas tituláronse en Enxeñaría en Informática ou Telecomunicacións nas Universidades Galegas. Isto representa o 7,2% sobre o total de persoas tituladas no Sistema Universitario Galego. Por iso, é necesario poñer atención nas medidas destinadas a atraer e consolidar persoal cualificado ao sector e fomentar a retención de coñecemento nas empresas.

Gráfico 22: Persoas tituladas en estudos relacionados coas TIC (Enx. en Informática e Telecomunicacións) nas Universidades de Galicia. Cursos 2007- 2008 e 2008-2009



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Cursos 2007- 2008 e 2008-2009

4.2 Sector Contidos e Medios da Información

Conforme aos traballos metodolóxicos levados a cabo polos principais organismos internacionais (OCDE, Eurostat, INE) para harmonizar conceptos, definicións e indicadores a nivel internacional, defínese o sector Contidos e Medios da Información segundo a clasificación CNAE 2009 presentada na seguinte táboa:


Táboa 6: Distribución das empresas do sector Contidos e Medios da Información galegas segundo a actividade CNAE 2009. Ano 2010

Actividades CNAE 2009	Número de empresas
581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	364
591 Actividades cinematográficas, de video e de programas de televisión	310
592 Actividades de gravación de sonido e edición musical	2
601 Actividades de radiodifusión	36
602 Actividades de programación e emisión de televisión	38
639 Outros servizos de información	11
Número total de empresas galegas do sector Contidos e Medios de Información	761

Base: Total empresas galegas do sector Contidos e Medios de Información
 Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

O número de empresas galegas do sector do sector Contidos e Medios de Información no ano 2010 situábase en 761 empresas. En España, a cifra total de empresas deste sector ascende a 19.312. Estes datos sitúan a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector Contidos e Medios de Información. A distribución das empresas deste sector segundo a actividade CNAE 2009 mostra que o maior número de empresas se concentra no subsector da “Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais”. A continuación, sitúanse as actividades relacionadas coa “Actividades cinematográficas, de video e de programas de televisión”

Gráfico 23: Número de empresas do Sector Contidos e de Medios da Información por Comunidades Autónomas. Ano 2010




Base: Total de empresas do Sector Contidos e de Medios da Información

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE Ano 2010

No período 2009 – 2010, o número de empresas do sector Contidos e Medios de Información experimentou un descenso do 4,4% en Galicia e do 2,3% en España.

Gráfico 24: Número de empresas do sector Contidos e Medios de Información en Galicia. Anos 2008 – 2010




Base: Total empresas galegas do sector Contidos e Medios de Información

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

Nota: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev.2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución do indicador

A agregación do sector TIC e do sector Contidos e Medios da Información configuran un “hipersector TIC” galego que mostra unha tendencia positiva no número de empresas que o integran. No período 2009 – 2010, o número de empresas do “hipersector TIC” experimentou un incremento do 8,1% en Galicia e do 6,9% en España.

Gráfico 25: Número de empresas do “Hipersector TIC” en Galicia. Anos 2008 – 2010



Base: Total empresas galegas do Sector Contidos e Medios de Información


Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Ano 2010

Nota: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev.2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución do indicador

5. eGoberno

- Galicia presenta unha posición destacada no uso da Administración electrónica por parte da cidadanía.
- O 68,1% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as interactúa a través de Internet coas Administracións Públicas..
- As capacidades de interacción dos sitios web das consellerías da Xunta de Galicia sitúanse no final da información xeral (nivel 2) e no inicio da tramitación electrónica (nivel 3)
- Un 35,7% de consellerías permite a participación dos usuarios mediante votacións en liña orientadas á toma de decisións
- O número medio de alumnos por ordenador (5,6) nos centros educativos galegos evolucionou positivamente nos últimos anos, ata acadar cifras converxentes coa media do Estado (5,3).
- A porcentaxe de receitas dispensadas electronicamente no mes de decembro de 2010 foi de arredor do 70%, unha cifra que destaca especialmente se a comparamos con finais do 2009 cando era do 15%.
- No 2010 impartíronse 1.600 horas de formación sobre diversas aplicacións empregadas no ámbito xudicial, dos que se beneficiaron preto de 900 usuarios

O obxectivo deste capítulo é analizar os principais indicadores do eGoberno, que inciden en todos os ámbitos de actuación da administración. Para alcanzar o obxectivo descrito, avaliarase a situación actual e o grao de avance da interacción da cidadanía e as empresas coas Administracións Públicas a través de Internet, a administración electrónica na Xunta de Galicia e o uso das TIC nos ámbitos da Educación, Sanidade e Xustiza




A “Enquisa sobre a administración electrónica nos concellos de Galicia. Ano 2010” e a “Enquisa sobre a Administración Electrónica na Xunta de Galicia. Edición 2011”, que están actualmente en curso, permitirán completar e actualizar a análise do eGoberno.

5.1. e-Administración: Interacción da cidadanía e empresas coas AAPP a través de Internet

5.1.1 Interacción da cidadanía coas Administracións Públicas a través de Internet:

Os datos do INE correspondentes ao ano 2010 mostran que Galicia presenta bos resultados no uso dos servizos da e-Administración. O 51,7% da poboación galega que utilizou Internet, nos últimos tres meses de estudo, obtivo información de páxinas web da Administración, superando a media estatal en 5,3 puntos porcentuais. Estes datos sitúan a Galicia como a terceira comunidade autónoma con maior uso da Administración electrónica para obter información das páxinas web.

Gráfico 26: Persoas que se comunicaron coas AAPP a través de Internet para obter información da web




Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (Galicia e España) e Eurostat (UE27)

Un 31,7% dos internautas galegos descargou formularios oficiais (4,8 puntos máis que a media estatal) e un 20,3% enviou formularios cumprimentados a través de Internet (2,6 puntos por riba da media estatal). No contexto autonómico Galicia ocupa a quinta posición nos indicadores relativos á descarga e cumprimentación de formularios oficiais.

Gráfico 27: Persoas que se comunicaron coas AAPP a través de Internet para descargar formularios oficiais



Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses


Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (Galicia e España) e Eurostat (UE27)

Un 35% dos cidadáns de Galicia, de 16 a 74 anos, xa dispoñen do DNI electrónico, 7,5 puntos máis que a media estatal. Entre as persoas que dispoñen dalgún tipo de certificado de sinatura electrónica, o 4,5% usou o DNle nas súas relacións coas Administracións Públicas mentres que un 11,9% usou outros certificados de sinatura electrónica.

5.1.2 Interacción das empresas coas Administracións Públicas a través de Internet

Un 68,1% das empresas de 10 e máis empregados/as de Galicia aproveitan as vantaxes da administración electrónica, situándose a 2 puntos da media estatal (70,1%). Cabe salientar que as empresas de 10 e máis empregados/as de Galicia ocupan o oitavo posto no uso da Administración electrónica dentro do contexto autonómico.

Gráfico 28: Empresas de 10 e máis empregados/as que interactuaron coas AAPP a través de Internet




Base: empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (Galicia e España) e Eurostat (UE27)

Os usos máis frecuentes son a obtención de información e os relacionados coa descarga de impresos e formularios. Séguenlle o envío de impresos cumprimentados e a xestión electrónica completa.

Gráfico 29: Empresas de 10 e máis empregados/as que interactuaron coas AAPP a través de Internet segundo a finalidade




Base: empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (Galicia e España).

A interacción coas Administracións Públicas diminúe considerablemente entre as microempresas galegas: Só unha de cada catro microempresas con conexión a Internet interactuou coas Administracións Públicas a través da Rede.

Gráfico 30: Empresas de menos de 10 empregados/as que interactuaron coas AAPP a través de Internet



Base: empresas menos de 10 empregados/as con conexión a Internet


Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes da enquisa sobre o uso TIC e comercio electrónico nas empresas do INE.

5.2. e-Administración na Xunta de Galicia

Este apartado presenta os principais resultados da enquisa “A Administración Electrónica na Xunta de Galicia. Edición 2009”³ realizada polo OSIMGA no marco de colaboración co grupo “Observatorio de Administración electrónica”, que integran todas as Comunidades Autónomas e o Ministerio de Política Territorial e Administración Pública.

Segundo a citada enquisa, as capacidades de interacción dos sitios web das consellerías están centradas nos niveis de información e servizo (niveis 1, 2 e 3), sendo menos frecuentes os portais que ofrecen niveis de servizo e tramitación (niveis 3 e 4).

Gráfico 31: Niveis de información e utilización das páxinas web das Consellerías



Base: Consellerías da Xunta de Galicia

Fonte: OSIMGA. Enquisas propias 2007-2009.


As canles de comunicación empregadas por todas as consellerías son o correo electrónico e a páxina web. Unha porcentaxe importante de consellerías tamén empregan o fax (85,7%), o teléfono de información xeral unificado (78,6%), a atención presencial con apoio de soporte informático (64,3%), e dispoñen dun portal único en Internet de acceso aos servizos (50% de consellerías). O resto de canais son empregados por menos da metade das consellerías: mensaxes a móbiles (42,9% de consellerías),

³ O período de referencia desta enquisa para as variables de fondo é o 1º de xaneiro de 2009 e o período para as variables de fluxo, aquelas preguntas referidas a un intervalo de tempo, é o ano 2008.

terminais informáticos de acceso público (21,4%), web de acceso específico para dispositivos móbiles e outros como poden ser os canais na TDT, Youtube, etc (14,3%).

A análise dos doce módulos de tramitación telemática considerados nesta enquisa mostra que catro módulos son usados por máis da metade das consellerías: rexistro telemático (92,9%), acceso electrónico a expedientes (78,6%), sinatura electrónica (64,3%) e notificacións electrónicas (57,1%). No extremo oposto sitúase a compulsa electrónica.


Gráfico 32: Módulos de tramitación dispoñibles e usados nas Consellerías



Base: Consellerías da Xunta de Galicia
 Fonte: OSIMGA. Enquisa propia 2009.

A revisión do nivel que acada unha selección de doce servizos electrónicos de carácter xeral mostra un nivel medio de interacción lixeiramente superior a dous, o que sitúa aos servizos electrónicos da Xunta de Galicia nun punto intermedio da interacción cos usuarios, xusto no final da información xeral (nivel 2) e no inicio da tramitación electrónica (nivel 3).

Gráfico 33: Nivel medio dos servizos electrónicos ofrecidos nas webs das Consellerías



Base: Consellerías da Xunta de Galicia

Fonte: OSIMGA. Enquisa propia 2009.


Nota: Os niveis de interacción a través da web considerados nesta enquisa son os seguintes:

- 0 Non ofrece información ningunha da xestión ou servizo na web.
- 1 Ofrece unha información xeral da xestión ou servizo na web.
- 2 Permite descargar ou pedir formularios xenéricos para cubrir
- 3 Permite entregar, actualizar ou consultar información individual personalizada (hai que identificarse)
- 4 Permite o trámite completo en liña incluído ordenar ou realizar o pago ou a transacción
- 5 Ofrécese o servizo personalizado e automático (proactivo) sen que o usuario o demande

O mecanismo de participación electrónica máis estendido entre as consellerías é a caixa de correo electrónico xenérico (92,9% de consellerías). En menor medida, un 35,7% de consellerías permite a participación dos usuarios mediante foros de debate ou listas de correo e un 14,3% de consellerías dispoñen de envío e recepción de mensaxes. As enquisas, consultas e votacións en liña orientadas á toma de decisións tampouco alcanzan a un número importante de consellerías (35,7%).

Máis da metade de consellerías (o 57,1%) dispón dun catálogo de procedementos e todos os elementos e servizos electrónicos nomeados da Lei 11/2007 para o acceso electrónico dos cidadáns ás administracións públicas que teñen que ver coa relación cos usuarios / cidadáns están implantados nalgunha consellería.

Gráfico 34: Existencia de elementos para interaccionar cos usuarios/as nomeados na Lei 11/2007 para o acceso electrónico dos cidadáns ás administracións públicas



Base: Consellerías da Xunta de Galicia. Nota: Estes indicadores non foron cumprimentados por cinco Consellerías
 Fonte: OSIMGA. Enquisa propia 2009.

5.3. e-Educación

O número medio de alumnos por ordenador (5,6) nos centros educativos galegos evolucionou positivamente nos últimos anos, ata acadar cifras converxentes coa media do Estado (5,3).

Táboa 7: Número medio de alumnos/as por ordenador nos centros educativos destinado a tarefas de ensinanza e aprendizaxe

	Total Centros				Total Centros Públicos				Total Centros Privados			
	2005/06	2006/07	2007/08	2008/09	2005/06	2006/07	2007/08	2008/09	2005/06	2006/07	2007/08	2008/09
Media España	8	6,6	6,1	5,3	7	5,7	5,3	4,5	11,1	10,9	9,4	8,4
Galicia	10,5	7,9	6,3	5,6	9,9	7,9	5,5	4,9	12,9	11,3	9,7	8,8

Fonte: "Las cifras de la Educación en España. Estadísticas e indicadores. Ministerio de Educación".

A Consellería de Educación da Xunta de Galicia incorporou a Escola 2.0 no proxecto “Abalar”, unha iniciativa que reforzou notablemente os investimentos en formación e contidos, ademais de distribuír 14.500 ordenadores.



A utilización preferente dos ordenadores nos Centros Públicos de Educación Primaria, de Educación Secundaria ou Formación Profesional de Galicia é a docencia ou a utilización directa polos alumnos/as.

Táboa 8: Distribución porcentual dos ordenadores por utilización preferente

	Tarefas administrativas	Tarefas propias do profesorado	Docencia ou utilización directa alumnos	Tarefas múltiples
CENTROS PÚBLICOS DE E. PRIMARIA				
Media España	8,5	15,7	72,2	3,6
Galicia	9,5	14,6	66,0	9,9
CENTROS PÚBLICOS DE E. SECUNDARIA E FP				
Media España	6,0	17,8	73,0	3,3
Galicia	6,8	17,9	68,4	6,9

Fonte: “Las cifras de la Educación en España. Estadísticas e indicadores. Ministerio de Educación”.

Un 41,8% dos ordenadores dos Centros Públicos de Educación Primaria de Galicia ubícanse en aulas de informática e apenas un de cada catro están nas aulas de clase. Non obstante, nos Centros Públicos de Educación Secundaria ou Formación Profesional de Galicia invírtese esa tendencia.

Táboa 9: Distribución porcentual dos ordenadores por ubicación

	Aulas de Informática	Aulas de clase	Outras dependencias	Sen especificar
CENTROS PÚBLICOS DE E. PRIMARIA				
Media España	37,8	32,9	23,0	6,3
Galicia	41,8	24,4	24,3	9,4
CENTROS PÚBLICOS DE E. SECUNDARIA E FP				
Media España	35,6	33,7	24,1	6,6
Galicia	28,5	38,2	25,9	7,4

Fonte: "Las cifras de la Educación en España. Estadísticas e indicadores. Ministerio de Educación".

5.4. e-Sanidade

Para avaliar a situación e evolución das TIC no ámbito da Sanidade en Galicia, considerouse como fonte de referencia o "Informe sobre a execución dos proxectos de tecnoloxías da información da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde durante o ano 2010."

IANUS é o proxecto global de informatización sanitaria da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia que fai realidade o concepto de Historia Clínica Electrónica única. Durante 2010 realizáronse máis de 1,2 millóns de accesos de profesionais sanitarios dende Atención Primaria e perto de 940.000 accesos dende Atención Especializada. Actualmente, o 100% dos profesionais facultativos teñen acceso á historia clínica electrónica. Tamén acceden todos os hospitais da rede do Sergas -aos cales hai que sumar dous hospitais concertados- e tamén 443 centros de saúde (o 92% dos centros).



- O 2010 rematou con 443 centros de Atención Primaria con receita electrónica, o 92% do total, que teñen adscritos ao 98% da poboación.
- A porcentaxe de receitas dispensadas electronicamente no mes de decembro de 2010 foi de arredor do 70%, unha cifra que destaca especialmente se a comparamos con finais do 2009 cando era do 15%.

Actualmente, en Galicia están dispoñibles para a súa realización a través da internet un total de 15 servizos públicos sanitarios en liña para o cidadán (en 2006 só había 3) sobre diversos trámites,

relacionados coa tarxeta sanitaria, a solicitude de cita previa, o acceso á historia clínica, a subscripción a noticias e recordatorios de citas, o servizo de suxestións, queixas e reclamacións, e foros de participación cidadá, entre outros.

O 7,4% das citas previas para os centros de saúde son tramitadas a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde fronte ao 2,4% que se rexistraba en 2006.

Cada día son máis os cidadáns galegos que empregan estes servizos, así, entre outros aspectos destaca que o 96,9% dos centros de Atención Primaria (aos cales están adscritos o 99,9% do total de cidadáns) dispoñen do servizo de citación pola internet. Ademais, o 76% dos centros de Primaria poden citar telematicamente para Atención Especializada.

Ata 2010 solicitáronse unhas 5.925 tarxetas sanitarias por Internet e tramitáronse uns 2.866 cambios de médico, do Servizo Galego de Saúde, así como outras 587 tarxetas de doadores.

5.5. e-Xustiza

Entre os avances experimentados nos sistemas de información no ámbito xudicial⁴, cabe destacar que, ao longo do 2010, continuouse coa implantación do programa Lexnet, actualmente presente en 64 órganos xudiciais, que permite o intercambio seguro de información a través da vía telemática entre xulgados, procuradores e avogados. Tamén se puxo en marcha o sistema de xestión procesual Minerva Nox e actualizouse o sistema de información das fiscalías Fortuny. O 99% do Xulgados de Paz xa ten acceso ao programa de Rexistro Civil en liña Inforeg, que permite realizar de xeito centralizado a inscrición de nacementos, matrimonios e defuncións.

O pasado ano impartíronse 1.600 horas de formación sobre as aplicacións Minerva Nox, Fortuny, Lexnet, Inforreg e os sistemas audiovisuais, dos que se beneficiaron preto de 900 usuarios



No ámbito do equipamento TIC, no 2010 procedeuse á renovación de máis de 660 equipos ofimáticos de máis de 5 anos de antigüidade nas vilas e no 2011 cambiaranse uns 1.500 equipos nas cidades o que suporá a renovación do 87% dos postos de traballo.


⁴ Fonte: imit.xunta.es

6. Infraestruturas de telecomunicación

- *As accións do Plan Banda Larga permitiron reducir nun terzo a poboación sen acceso á banda larga en Galicia*
- *Incremento de case 4000 núcleos de poboación con acceso á banda larga con respecto ao ano 2009*
- *Importante incremento de centros de saúde e de centros educativos con posibilidade de acceso ao servizo de banda larga con respecto ao ano 2009.*

A análise do Mapa de Infraestruturas de Telecomunicación de Galicia no ano 2009, elaborado pola Xunta de Galicia antes da posta en marcha do Plan Banda Larga, abordaba a situación do acceso á banda larga na nosa Comunidade, concluíndo que máis de 786.000 galegos non podían acceder á banda larga, o que representaba case ao 30% da poboación de Galicia.


Un ano máis tarde, con máis da metade das actuacións para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación derivadas do Plan Banda Larga en marcha, conseguiuase reducir case un terzo a poboación sen banda larga en Galicia, situándose en torno aos 550.000 habitantes os que actualmente non dispoñen de posibilidade de acceso á banda larga de calidade.



Se descendemos ao nivel de núcleos de poboación, observamos que pouco máis de 13.000 núcleos, dos 30.759 existentes en Galicia, non contan con posibilidade de acceso á banda larga o que representa un incremento de case 4000 núcleos de poboación con acceso á banda larga con respecto ao ano 2009, cando máis de 17.000 núcleos non contaban con posibilidade de acceso ao servizo.

Por outra parte, e aínda que no ano 2010 houbo un incremento notorio de poboación con acceso á banda larga nos núcleos de poboación de menos de 1000 habitantes, segue a existir unha grande diferenza en canto ao acceso á banda larga dos núcleos de máis de 1.000 habitantes e os de menos poboación, tal e como se amosa a continuación:


Gráfico 35: Poboación con posibilidade de acceder á banda larga por tamaño de núcleo



Fonte: Elaboración da Oficina Técnica do Plan Banda Larga baseada no Mapa de Infraestruturas de Telecomunicación de Galicia no ano 2009 e nos avances do Plan Banda Larga de Galicia no ano 2010.

Durante o ano 2010 posibilitouse o acceso ao servizo de banda larga de calidade á maior parte dos puntos de demanda estratéxica por parte da Administración en Galicia (centros de saúde, centros educativos, farmacias, xulgados, etc.), como unha ferramenta imprescindible de soporte para impulsar a súa modernización. Neste senso, cómpre destacar o incremento de centros de saúde e de centros educativos con posibilidade de acceso ao servizo de banda larga con respecto ao ano 2009.

Gráfico 36: Cobertura de Banda Larga nos servizos públicos



Fonte: Elaboración da Oficina Técnica do Plan Banda Larga baseada no Mapa de Infraestruturas de Telecomunicación de Galicia no ano 2009 e nos avances do Plan Banda Larga de Galicia no ano 2010.

Finalmente, no ano 2010 posibilitouse a cobertura de servizo de banda larga de calidade a máis da metade dos 22 parques empresariais e polígonos industriais que no 2009 sufrían carencias de conectividade, limitada ou nula.

7. Análise DAFO



